

Secretaría Xeral

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 11 DE DECEMBRO DE NÚM. 14/2015.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:



D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).
D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. JOSE MANUEL HERMIDA ARIAS (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).


SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.



ÍNDICE:

1.- Aprobación, se procede, das actas Nº 12/2015, da sesión ordinaria celebrada o día 29 de outubro, e Nº 13/2015 da sesión extraordinaria celebrada o día 23 de novembro.....	páx. 3
2.- Decretos de Alcaldía. Dación de Conta.....	páx. 3
3.- Expediente de aprobación de límite de gasto 2016.....	páx. 9
4.- Expediente dos Orzamentos Xerais para o ano 2016. Concello de Lalín e Padroado Cultural de Lalín.....	páx. 10
5.- Expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 7/2015	páx. 17
6.- Solicitud de autorización ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para o uso do 100% da taxa de reposición de efectivos para o persoal da Policía Local.....	páx. 18
7.- Expediente da Ordenanza reguladora da instalación de terrazas anexas a establecementos de hostalería do municipio de Lalín.....	páx. 20
8.- Expediente da Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística para o Concello de Lalín.....	páx. 21
9.- Moción do Grupo de Goberno.....	páx. 21
9.1.- Moción do grupo de goberno sobre o uso das bicicletas do Programa “Bicidadáns”.....	páx. 21
10.- Mocións do PP.....	páx. 23
10.1.- Moción do PP relativa á transparencia das actividades e bens dos integrantes da Corporación Municipal.....	páx. 23
10.2.- Moción do PP de apoio e potenciación do comercio local de Lalín.....	páx. 25
10.3.- Moción do PP para solicitar a construción da rotonda de conexión das Avenidas do Monserrat, Estación, Madrid e Xosé Cuíña.....	páx. 25
10.4.- Moción do PP en defensa do Estado das Autonomías.....	páx. 27
11.- Rogos e Preguntas.....	páx. 27



Sendo as dez horas do **venres, día 11 de decembro de 2015**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 12/2015, DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE OUTUBRO E Nº 13/2015 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 23 DE NOVIEMBRE.-

Deuse conta pola Presidencia dos borradores das actas Nº 12/2015, da sesión ordinaria celebrada o día 29 de outubro, e Nº 13/2015 da sesión extraordinaria celebrada o día 23 de novembro. De seguido o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Desde o grupo popular, *D^a. Paz Pérez Asorey* indicou que na páxina 39, na súa segunda intervención, había que corrixir unha expresión. Onde dicía: sen ter que decidir..., debía figurar a preposición para. O texto sería:... para decidir...

Así mesmo *D. Xosé Crespo Iglesias* sinalou que esta sesión non podendo celebrarse na súa data, o último xoves de cada mes, e incumprindo o grupo de goberno o seu compromiso de celebrar a sesión ata en tres ocasións, debía corrixirse o carácter da sesión, que debía constar como extraordinaria.

Con esta modificacións, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobáronse as ditas actas Nº 12/2015, da sesión ordinaria celebrada o día 29 de outubro, e Nº 13/2015 da sesión extraordinaria celebrada o día 23 de novembro, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.



3.- EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DE LÍMITE DE GASTO 2016.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da Proposta da Alcaldía de data 3 de decembro de 2015. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 7 de decembro de 2015.***

Na defensa do expediente, ***D^a. Teresa Varela Fisteus***, edil delegada de facenda, explicou e leou a proposta, coas cifras que se contiñan na mesma.

Desde o grupo popular, ***D. José Antonio Rodríguez Fernández*** adiantou a abstención do seu grupo no tema.

De novo a voceira do grupo de goberno ***D^a. Teresa Varela Fisteus*** reiterou que era un expediente eminentemente técnico e indicou que estaba a *Sr^a. Interventora* para dar as aclaracións que consideraran convenientes aos edís que o demandasen.

Sometido a votación ordinaria o expediente e a Proposta da Alcaldía de data 3 de decembro de 2015, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo, o Pleno da Corporación **APROBOU** o expediente e a Proposta da Alcaldía do seguinte tenor:

Segundo establece o artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

O límite de gasto non financeiro excluírá as transferencia vinculadas aos sistemas de financiación das Comunidades Autónomas e Corporacións locais.

Co teito de gasto fíxase a cantidade máxima que poderá gastar o Concello nun exercicio orzamentario concreto. As razóns que levaron a tomar esta decisión son froito da crise económica. Así, en tempos de burbulla inmobiliaria todas as administracións públicas viron incrementadas os seus ingresos de modo exponencial, no caso dos concellos a través do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, e a través de licenzas de apertura, habitabilidade etc.. Estes ingresos de carácter puntual, sen embargo, destináronse na maior parte das administracións a aumentar gastos estruturais ou fixos, isto é, necesarios para o funcionamento ordinario da Administración de que se tratase (fundamentalmente engrosando o plantel de traballadores). Cando estallou a crise eses ingresos descenderon; sen embargo os gastos mantíñanse, o que puxo de manifesto a



Secretaría Xeral

insostibilidade do sistema. Neste contexto e onde entra en xogo a política económica de impoñer un teito de gasto para que os concellos non amplíen os gastos estruturais por encima dun límite marcado.

O importe do límite realizado a partir dos cálculos da Estabilidade é de 14.268.149,16 euros.

En base ao anteriormente exposto, o **Pleno da Corporación ACORDOU**:

Aprobar como Límite de Gasto non Financeiro para o exercicio 2016 do Concello de Lalín o importe de 14.268.149,16 euros.

4.- EXPEDIENTE DOS ORZAMENTOS XERAIS PARA O ANO 2016. CONCELLO DE LALÍN E PADROADO CULTURAL DE LALÍN.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da Memoria-Proposta da Alcaldía de data 2 de decembro de 2015. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 7 de decembro de 2015.***

Na exposición da proposta, ***D^a. Teresa Varela Fisteus***, edil delegada de facenda, defendeu a proposta que incluía o expediente, os documentos e o montante tanto de ingresos como de gastos dos orzamentos xerais do Concello e do Padroado. Indicou as cifras.

Na parte dos gastos, indicou que estas contas do ano 2016 comprendían unha nova clasificación por programas. Non había préstamos novos. Existían altas e baixas nos gastos. Comprendía unha suba do 1 % en salarios do persoal do Concello. Tamén contemplaba unha suba do gasto do parking coa creación de sete prazas, tamén en Protección Civil e parte do GES. Había unha suba nos gastos de recollida de residuos sólidos urbanos, e unha baixada na taxa dos cemiterios. Tamén se aumentaban os gastos en alumeadado público, nos servizos sociais e cun novo programa en materia de emprego de Lalín Emprende.

En educación estaba o mesmo gasto que antes, salvo a redución pola UNED, e consignábanse dez mil euros en gastos do deporte base. Había aumento e novos gastos en comercio. O aforro do Padroado alcanzaba un 5 % dos gastos polas asistenciais.

O gasto en persoal era do 33,7 % sobre o total do orzamento.

En canto aos ingresos, os gastos de plusvalías uns trescentos vinte mil euros eran a media. Deu os datos e cifras das distintas partidas e capítulos. Entre elas os 4,37 millóns de euros de endebedamento.

Destacou que se eliminaron as partidas para obras como a do campo de fútbol e de rugby.

Rematou coa estrañeza de que o PP comparase este orzamento coa liquidación do exercicio dous mil catorce, porque este era unha previsión, un documento inicial para empezar a traballar este ano.

Desde o BNG, ***D. Francisco Xavier Vilariño Taboada***, manifestou que tiña pouco que engadir. O orzamento era un documento inicial e unha previsión de intencións. Non se podía



Secretaría Xeral

comparar o mesmo coa liquidación como o facía o PP, porque esta era un documento real dos gastos e ingresos. Esa comparación que agora facía o PP, fíxoa el no seu día, e o PP díxolle daquela o mesmo que el lles indicaba agora.

Era totalmente falso o que dicía o PP na prensa no senso de que os ingresos subían un 5 %, que polo tanto a presión fiscal aumentaba de 411 a 442 euros e que o montante da suba era de setecentos mil euros.

Os prezos públicos do parking eran novos. O Concello parecía un mero xestor, xa que tiña pouco marxe de manobra. Aquí se estaba para facer política, aínda que non había moito que facer. Non había grandes obras, pero si que se contaba cunha diferenza de endebedamento a ter en conta. Actualizábase a RPT, o colchón do goberno anterior. Ata hoxe non estaban controlados os contratos do persoal. Esta era a herdanza que deixaron os edís anteriores e que condicionará varios anos ao goberno actual. Sacar planes de investimentos foi unha nefasta xestión do anterior goberno. Hoxe en cambio hai política social, emprego e comercio agora.

En suma, non había aumento da presión fiscal. Había unha baixada en ingresos. Lembrou que estes anos de atrás se inflaron os ingresos. A plusvalía aumentou, pero coa mesma presión fiscal. A taxa da auga calculábase sobre os catro trimestres, como sempre pediron e non se lles fixo caso. O IBI tiña unha baixada media do 3,5 %. Habería que ver as altas e as incorporacións ao padrón. Eran uns orzamentos solidarios, en suma. Os políticos estaban ao servizo dos cidadáns. Insistiu en que non se recadaba un só céntimo de máis por aumentar a presión fiscal.

En canto ao tema de Sogama era sangrante o gasto que se realizaba, en total uns 495.000 euros, cun 8 % de aumento sobre o anterior, sobre os 459.000 previstos. Era como tirar ou queimar o diñeiro.

Si que había un aumento na partida do deporte de base e na de emprego, aínda que non eran unhas competencia locais.

A Ronda Leste presentaba hoxe un gran estado de deterioro. Elo era a proba de que non foi ben feita esta obra. Os datos falaban dun 15,26 % menos para o gasto dos órganos de goberno. Había menos dedicacións exclusivas e menos persoal eventual. Todo isto a pesar de que había que pagar unha parte da paga extra do ano 2012 a algúns membros dos gobernos que sa non estaban.

Había que contar con outros 24.000 € do administrativo que traballará o partido da oposición. Así, quedaban en 265.000 €, un 23,84 % menos.

En comparación co ano 2010, o gasto nos últimos anos foi de 227.669, máis catrocentos cincuenta mil, máis os eventuais e máis outros gastos. En total un 41 % menos.

Desde o grupo socialista **D. Nicolás González Casares** afirmou que o presente documento que agora se presentaba era o froito dun labor inxente de todo o goberno municipal. Estes orzamentos se sacaban en tempo e en forma, antes que outros concellos como era por exemplo A Estrada. Era un traballo ben feito, dun equipo de goberno colexiado e ben dirixido. Contouse co soporte técnico dos funcionarios. Algo de mérito había para todos.

En liñas xerais, o presente documento reflectía o cambio da filosofía do novo grupo de goberno. Lembrou que a situación laboral hoxe dalgúns traballadores era irregular, con contratos laborais temporais que se renovaban anualmente con 71 laborais, dos cales 48 traballadores tiñan contrato de obra e servizo de máis de cinco anos, mesmo con algunha persoa que levaba máis de 17 anos a traballar no Concello. Isto era unha barbaridade e unha expresión máis da política laboral sen control do goberno anterior do PP. Durante estes anos houbo un uso repetitivo de crear prazas, de non cubrilas e de utilizar estes fondos para outros fins.



Secretaría Xeral

Agora pola contra, a política laboral era axustada á realidade. Por elo habería a percepción de que se gobernaba desde as esquerdas e na selección de persoal primaría o mérito e a capacidade.

Sobre a suba do IBI amosou ao público un diagrama expresivo dos cambios do tipo de gravame destes últimos anos, un folio con esquemas e con debuxos para ver a evolución na suba do tipo de gravame do IBI. Afirmou que este ano era o primeiro que se baixaban os impostos en Lalín en moito tempo. Elo non impedía que nalgúns tributos como na plusvalía houbera un incremento sen variar a ordenanza. No IBI tomouse a media para baixar o importe dos recibos.

Preguntou ao *Sr. Crespo Iglesias* se baixando o 0,40 % no tipo de gravame do IBI, se podían aumentar outros ingresos e manter o nivel de gastos actual. Non sabía como se facía iso, pero si estaba de acordo en que era complexo. Non obstante á vista da experiencia do anterior grupo de goberno, esperaba que o *Sr. Crespo Iglesias* demostrará aos asistentes a esta sesión todo elo.

Desde logo tamén estes orzamentos eran unha aposta decidida polas políticas sociais e polo emprego. Estas partidas subían un 25'16 %, sobre todo no eido das transferencias sociais ás familias. Por así dicilo: había menos gastos de alcaldía e máis gastos sociais.

Había tamén gastos para axudar á creación de emprego, en investir no rural e en axudas ao deporte, centrándose no deporte de base e nos gastos nos eventos deportivos, considerando que isto non só axudará a promover a práctica do deporte, senón tamén a incrementar e a mellorar a economía local. Tratábase de atraer visitantes a Lalín.

Había urbanizacións paradas que aínda non se sabe como ían saír para adiante. Agora desde logo non ían nestas contas.

Non había moito máis marxe para actuar, e o goberno non tiña cartos nin tempo para relaxarse, porque estaba atado polos préstamos.

Por alusións o *Sr. Cuíña Aparicio*, Alcalde-Presidente, dixo que este goberno sería o mellor nos últimos vinte e cinco anos.

D. Xosé Crespo Iglesias, voceiro da oposición, dixo non entender por que ao Sr. Alcalde lle molestaba que viñeran ministras a Lalín. Era mellor que viñeran aquí que a outros sitios, porque en Lalín xa estiveron antes. Parecelle positivo tentar conseguir axudas para fusionar cooperativas agrogandeiras.

Tamén ao sentirse aludido, afirmou que non entendía que polo grupo de goberno falasen tres voceiros, cando tiña que haber un só.



No uso da palabra **D. José Antonio Rodríguez Fernández**, voceiro do PP, dixo entender o que era un orzamento. Analizou os gastos e os ingresos. Preguntouse quen ía ser responsable da execución destes orzamentos. Distinguía perfectamente o que era orzamento e o que era a liquidación, aludida polo *Sr. Vilariño Taboada*.

Para analizar o documento había que ver cales eran as políticas prioritarias do goberno. El non as atopaba. Non obstante no documento si que se recollían algunhas incongruencias e contradicións. Non pretendía esconderse de nada e podía tratar todos os temas que se lle pedisen.

Afirmou que a presión fiscal se elevaría sobre a do ano anterior.

Sostivo que había políticas sociais para financiarse porque antes se cumpriron as normas e os obxectivos marcados polas normas vixentes. Agora sería o mesmo caso. Se se cumprían as normas, habería marxe para gastos sociais.

Indicou que había unha alegación do sindicato CSIF contra a RPT do orzamento en debate, sinalando a data da mesma que era o día da sesión.



Secretaría Xeral

En canto ás prioridades, dixo que o cumprimento destas eran a garantía de continuidade de *D. Rafael Cuiña* no goberno. Os orzamentos do ano 2016 eran os orzamentos dos enganados. *¿Por que o grupo de goberno dicía unha cousa e facía outra?* Isto era grave.

Eran temerarios porque poñían en risco o mantemento de prestacións e dos servizos básicos.

Indicou que o grupo de goberno, cando defendía estas contas, unhas veces acudía ao criterio político e outras veces aos argumentos técnicos e elementos de índole técnica.

Criticou a inclusión do imposto de Plusvalía, xa que era potestativo e podía prescindirse do mesmo. Isto díxose na campaña electoral.

En canto ao pacto de goberno suscrito entre todos os seus membros, sinalou que non cumprían os mesmos. Non recordaba e confundíase co nome do partido do Sr. Alcalde. Tampouco vía por ningunha parte esa redución progresiva de impostos. Non sabía se o tema do lixo figuraba no pacto de goberno.

Sobre as taxas do Lalín Arena, afirmou que cando gobernaban xa tiñan un bono para os usuarios. Habería que esperar a ver a liquidación do orzamento do ano 2016 para ver o grao de cumprimento. Non falaría de presión fiscal máis. Pero si falou de que no capítulo de gastos de goberno había unha partida que antes era de oitenta mil euros e agora poñía cento sesenta e dous mil.

Eran temerarios porque había que ver se a regra do gasto se cumpría e non se controlaba ben o gasto. Do propio texto da memoria da Alcaldía desprendíase que eran temerarios. Verase, pois, máis adiante a estabilidade financeira. Había que ver as variacións e reiterou que se non se cumprían as determinacións da regra de gasto, nin as normas que se impoñían, o goberno local podía poñer en risco as políticas sociais para o futuro. Por elo teñen que verificar o cumprimento do 1,8 % de regra de gasto. Esperarían á liquidación do presente orzamento. Reiterou que non se escondía e podía falar doutros temas.

Había un incremento dos políticos a soldo,. En suma, o goberno actual na súa campaña electoral dixo o que non fai agora.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio** lamentou que o anterior voceiro non coñecera o nome do seu partido. Non obstante agradeceu o ton educado do mesmo.

Dirixíndose ao Sr. *Crespo Iglesias* dixo que el nunca tirou do teto dunha vaca. Non obstante lembro que el acompañou aos gandeiros en vez de aos ministros/as que si que traizoaron a estes colectivos. *“El, afirmou, nunca os traizoará”*.



De novo **D^a. Teresa Varela Fisteus**, edil de facenda, reiterou que estes orzamentos en debate era un documento moi meditado e debatido. Aprobouse a regra de gasto, e a intención deste goberno era de cumprila. Lembrou que contaban co traballo da Sra. Interventora.

Desde logo tampouco eran temerarios, porque se debateron e nel traballaron todos os membros do goberno. Por elo, as medidas que nel se recollían estaban moi debatidas.

Nunha nova rolda de intervencións **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** afirmou que el pensaba falar dos orzamentos, pero non como algo xenérico ou de política abstracta, senón con contido e a partir dos datos, sacar ideas.

Desde logo non eran temerarios os orzamentos. Tampouco incumprían ningunha promesa electoral ou política. Eran claramente sociais.

Había que darlle a entender ao PP que os orzamentos eran unha previsión, unha declaración de intencións, que logo podían sufrir cambios e, de feito, así pasaba con moitas modificacións.



Secretaría Xeral

O que se buscaba era dar un protagonismo ás políticas sociais e axudar á xente que o necesitaba. Viñan en tempo e forma. Non era a política a que guiaba este documento; eran as necesidades dos veciños.

No tema dos caixeiros non se puido traer porque non daba tempo, pero estaba aí o compromiso. Si que lle importaba a legalidade e pediu ao PP que presentase recursos cando entendera que se vulneraba a lei. Estaban o Secretario e a Interventora que dirían o que é legal e o que non o é. Non obstante indicou que ás veces os técnicos terminaban coas iniciativas do goberno e os políticos non podían sacar adiante os seus proxectos.

Preguntou ao PP que lle dixera unha soa partida onde se vira o aumento da presión fiscal. Deu datos do IBI, a taxa da auga e saneamento.

A política fiscal que agora se recollía era moi distinta da anterior.

Sobre os gastos, subliñou que había que partir de que agora na partida dos cargos políticos e eventuais, se recollían os gastos da Seguridade Social. Falou dun 24 % menos de custe nos órganos de goberno. Parece que o PP non tiña en conta o gasto do administrativo do PP que lle correspondía, nin que se pagase agora unha parte da paga extraordinaria do ano 2012. Eran desde logo falsos eses datos que se anunciaban desde as filas populares, xa que se limitaban a dicir a cifra dunha partida singularmente considerada. El estaba disposto a detallalo todo, unha a unha cada partidas do gasto se fose necesario.

Desde a APAC, **D^a Lara Rodríguez Peña** resaltou que gracias aos lalinenses eles estaban no goberno. Había un pacto que agora se cumpría, sobre todo en políticas sociais, en emprego e en investimentos no rural. Eran gastos que antes non se fixeron e que agora cobraban un protagonismo maior. Esperaban continuar nesta liña nos vindeiros catro anos. Doutra banda, entendía que tiña que falar cando debía dicir algo, e non por falar por falar.

De novo **D. Nicolás González Casares** insistiu en que os orzamentos eran o froito dun traballo colexiado. Seguía esperando a cuadratura do círculo do 0,40 % como tipo de gravame anunciado polo Sr. **Crespo Iglesias** sobre o IBI; coidaba que sería unha lección maxistral.

O acordo do Consello de Ministros ao que se refería o voceiro popular non era lei. Tampouco eran temerarios os orzamentos. O grupo de goberno procuraríase cumprir as normas.

Lembrou que desde logo temeraria si que foi a obra do parking ilegal, litigando sen parar para que ao final Concello pague uns catro millóns de euros.

O goberno actual vai gastar máis que nunca en políticas sociais.

En canto á rolda Leste, lembrou que o goberno anterior ben puido no Plan E meter esta obra ou a do parking.

De novo **D. José Antonio Rodríguez Fernández** dixo que polo visto agora se discutía se os orzamentos dos anos 2012 e 2013 cumpriron o non as normas. A verdade foi que os orzamentos dos ditos anos si cumpriron todas as normas vixentes.

D. Nicolás González Casares preguntouse se compraría a xente pisos co goberno actual. A resposta era afirmativa

Lembrou que o prezo máximo do parking foi pactado. O acordo do Consello de Ministros sobre os límites no gasto esperaban cumprilo.

Estaban e parecían todos felices dicindo que os orzamentos os fixeron entre todos. Agora a Concellería de Emprego tiña o triple de gasto que antes. Lembrou que había moitos traballadores



Secretaría Xeral

con contratos de máis de cinco anos, en total uns corenta e oito. Esperaba e seguía a ver a cuadratura do círculo fiscal do Sr. *Crespo Iglesias*. Coidaba que o IBI baixaría para o 85 % dos veciños de Lalín. A Plusvalía esperaba que baixase no futuro. Xa se verá o que se fai en catro anos.

De novo **D. José Antonio Rodríguez Fernández** criticou que os orzamentos unhas veces eran un documento político e outras veces un documento económico. “*Aclárense*”, pediúlles.

Lembrou que a partida de gastos dos órganos de goberno, de 80.000 euros, do ano pasado pasaba a 162.000 euros no orzamento do ano 2016.

Isto é legal e non tiña tanta importancia para o grupo de goberno, xa que o Alcalde dixo algunha vez que votaría igual aínda que estivese en contra da lei.

Leou os datos coas cifras do 0,46 % do IBI e coas do 0,40 %.

Sobre a cuadratura do círculo que lle pedían ao seu grupo, preguntouse: *¿pero quen goberna aquí?* Entendía que explicar e aclarar isto correspondía ao grupo de goberno e non á oposición.

Doutra banda, dirixíndose ao Sr. Alcalde, díxolle que non se atrevese a recomendarlle ningún libro de lectura.

Reiterouse que xa se vería si se cumpría o 1,8 % de límite de gasto.

Sobre as competencias impropias, manifestou que antes xa se exerceron. Agora tamén e non pasaba nada; puxo o Conservatorio, por exemplo.

Sobre a edil *D^a Lara Rodríguez Peña* dixo que claramente estaba en contra de que aqueles edís con competencias non explicasen e non falasen da súa xestión; tiñan que responsabilizarse das mesmas.

En relación coa RPT lembrou a situación que había. Agora hai outra política de persoal. Antes houbo outra distinta. Dixo, por exemplo, que había unha praza de técnico de turismo que se eliminaba. Isto desde logo non era a panacea. Hoxe todo ía ao revés. Por elo podía dicir que nin antes había tanto que criticar, nin agora tan pouco.

Por alusións, o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuña Aparicio** dixo que os orzamentos eran diante de todo realistas. Respondían tamén ás demandas e ás necesidades dos cidadáns. Metíanse co tema do emprego, aínda que non se teña competencias neste eido. Lembrou que nun tempo record aumentou moito o paro en Lalín.

Sostivo que persoalmente visitaba moito o rural e coñecía por elo as necesidades desta parte de Lalín, sobre todo en materia de sumidoiros. Coidaba que o labor deste goberno era positiva, e agora co BNG no goberno esperaban facelo aínda mellor.

Lembrou que non se subían impostos, e que o grupo de goberno aforrou catrocentos mil euros co parking, e outros catrocentos mil aos veciños no IBI. A pesar disto, as políticas sociais aumentaron.

Desde o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** felicitou a *D. José Antonio Rodríguez Fernández* voceiro nesta ocasión, polo seu traballo e disertación neste tema dos orzamentos.

Afirmou que estar na oposición permitía ver na lonxanía os feitos e os logros. Así, lembrou que o goberno anterior fixo a Casa Consistorial, o Lalín Arena e moitas obras e instalacións. Elo demostraba que houbo xestión interna do equipo de goberno anterior.

Criticou que o goberno continuase coa repetición de contar mentiras. Pidiu seriedade e reunión dos voceiros para solventar aspectos de trámites e cuestións que debían tratarse neste órgano.

Sobre os orzamentos, esperarían a ver como se levaban á práctica. Era algo normal. Logo á vista



Secretaría Xeral
do resultados, criticarían ou no.

En relación coas maiores políticas sociais, sinalou que eran iguais que antes. O equipo de técnicos era o mesmo que o do anterior goberno. En todo caso había que esperar á liquidación do exercicio 2016.

Volvendo ao tema da presión fiscal, citou o Faro e Vigo como medio de prensa que estableceu uns criterios para calcular a presión fiscal: a suma do IBI, máis as taxas e prezos públicos dividido entre a poboación. Saía un coeficiente e este era o que saía na prensa e se empregaba. Se valía antes, e utilizouse durante hai moitos anos, agora tamén debía valer no debate político.

Estes orzamentos non recollían o cumprimento das promesas electorais do goberno. Subíase o IBI; a Plusvalía mantíñase, cando se dixo na campaña que debía desaparecer.

Cando saían os recibos do IBI, e a xente o vexa, poderase facer unha comparativa e ver se pagan máis os que menos teñen e menos os que máis teñen.

Os cartos aos que aludiron anteriormente e que permitían facer outra política podían sacarse de diversas fontes. Por exemplo do parque eólico municipal, da plusvalía e dos BICES, partidas todas elas que seguramente contarían con maiores ingresos no dito exercicio.

O grupo de goberno non dixo nada do Padroado Cultural. Era certo que había aforro nas dietas, xa que agora non se abonaban; pero preguntouse se sería para pagar mellor ás persoas que alí traballaban.

El como o PP tiñan un só representante do Padroado con dez edís; en cambio o grupo de goberno con once edís contaba con cinco. Lembrou que o Sr. Alcalde manifestou que antes de fin de ano desaparecería esta entidade e habería outros órganos. Á vista dos acontecementos e da consignación actual para o ano 2016, non parece que isto se fose a cumprir. Verase na liquidación. O equipo de goberno dicía unha cousa e facía outra. Veríase co tempo e cando remate o exercicio.

Por alusións o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** felicitou á oposición polo ton empregado nas intervencións. Estábase a fraguar a eliminación do Padroado Cultural, e coidaba que o PP quedaría ben representado cando se estableza o novo organismo.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Votos en contra: dez (10) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

1- Aprobar o Orzamento Xeral do Concello de Lalín, para o exercicio 2016, comprensivo do orzamento da propia entidade nivelado en gastos e ingresos nun montante total 14.117.088,18 € e do orzamento do Organismo Autónomo "Padroado Cultural de Lalín", nivelado así mesmo en 446.000 €.

2- Aprobar o cadro do persoal funcionario, a relación de postos de traballo e o cadro do persoal laboral do Concello de Lalín.



3.- Expoñer ao público o expediente con todos os seus documentos polo prazo de quince días, inseríndose anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello para que os interesados poidan examinalo e presentaren, no seu caso, as alegacións e reclamacións que procedan contra o mesmo. Transcorrido dito prazo sen haberen reclamacións, o expediente quedará definitivamente aprobado sen necesidade de adoptar novo acordo.

5. EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚM. 7/2015.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da Memoria-Proposta da Concelleira Delegada de Facenda de data 7 de decembro de 2015. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 7 de decembro de 2015.***

Na defensa do expediente, a edil delegada de facenda ***D^a. Teresa Varela Fisteus*** sinalou que se trababa de traer a sesión o recoñecemento dunha factura que entrou nestes días no Concello, pero que viña referida ao subministro de electricidade de servizos do ano pasado. Por iso viña a sesión.

Desde o grupo popular, ***D. Xosé Crespo Iglesias*** indicou que non tiña nada que dicir.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto a favor de vinte e un (21) concelleiros, sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e dez (10) do PP, o **Pleno da Corporación ACORDOU APROBAR** o expediente e a Memoria-Proposta da Concelleira de Facenda de data 7 de decembro de 2015, do seguinte tenor:

É xeneralizada a consideración de que, entre as diversas administracións que integran o sector público, é a administración local a máis próxima ós cidadáns e, polo tanto, aquela á que dirixen as súas pretensións.

Dentro dos principios enunciados no artigo 103 da Constitución Española que rexen a actividade das administracións públicas, a administración local ten que procurar axustar a súa actuación á axilidade e á eficacia que demandan os seus cidadáns. Debido a isto, en ocasións e para dar resposta ós veciños, a actuación administrativa non se axusta estritamente ó, por outra parte, rixido procedemento legal.

Leváronse a cabo neste senso en exercicios anteriores determinados gastos sen consignación orzamentaria correspondentes ó subministro de bens e/ou que non foron presentados no seu momento pola empresa/profesional subministrador/a ou prestador/a de servizos, todos eles necesarios e indispensables para o normal desenvolvemento dos distintos servizos municipais e a prestación de servizos xestionados por este Concello.

Aínda levados a cabo sen contar con crédito orzamentario axeitado e suficiente ou non sendo facturados no exercicio correspondente no que se realizou a prestación, o Concello está



Secretaría Xeral

obrigado ao pago dos citados gastos, previa imputación dos mesmos ao orzamento municipal. O propio lexislador, consciente da existencia deste tipo de actuacións, pero en calquera caso necesarias para a prestacións de servizos indispensables, contempla a imputación dos citados gastos ó orzamento corrente, imputación nun primeiro momento prohibida polo principio de anualidade orzamentaria, mediante a tramitación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Considerando necesario e obrigado atender os gastos incorridos para evitar o prexuízo de terceiros contratantes coa administración e o correlativo enriquecemento inxusto ou sen causa desta.

Considerando igualmente que a imputación dos gastos ó exercicio corrente, visto o estado actual de execución orzamentaria, non causará prexuízo á atención das necesidades do exercicio corrente.

Considerando a efectiva prestación dos servizos e subministro de bens por parte dos terceiros acredores, constando factura acreditativa de cada un dos gastos debidamente conformada polo responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Xa que logo, o Pleno da Corporación ACORDOU:

Aprobar o expediente de RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS, Nº 7/2015, e a factura de Gas Natural Servicios SDG S.A. nº factura FE153211638873 de data 08/012015 por importe de 5.700,50 €.

Texto	N.I.F.	Razón social interesado	Num. Fac.	Fec. Fac.	Ejer.	C.Fun.	C.Eco.	Sp.	Importe líquido			
PS GALICIA, 1 27/11/2014 - 29/12/2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.		08/01/2015	2015	0	920	22100	01	5700,50000	5700,50000	FACENDA
										5700,50000	5700,50000	
										5700,50000	5700,50000	

6.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS PARA O USO DO 100 % DA TAXA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS PARA O PERSOAL DA POLICIA LOCAL.

Deuse conta pola Presidencia do expediente indicado, que contén a proposta da Concelleira Delegada de Facenda, de data 16 de novembro de 2015. A continuación ou Sr. Secretario deu lectura ao *dítame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 7 de decembro de 2015.*

En defensa da moción, a edil delegada de Facenda, **D^a. Teresa Varela Fisteus**, indicou que se trataba dun trámite que faltaba no expediente e, que por despiste, non se realizou. Esta autorización coa que era preciso contar tería efectos retroactivos para o expediente indicado.

Desde o grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo estar de acordo e non ter nada que



Secretaría Xeral
dicir.

Tamén **D. José Antonio Rodríguez Fernández**, polo mesmo grupo popular, adiantou que votarían a favor da proposta, indicando que co informe e co cumprimento da regra e do límite de gasto, e en suma da estabilidade orzamentaria da execución do anterior orzamento, era posible tramitar este expediente.

Sometida a votación ordinaria a proposta, mediante o sistema de man alzada, o Pleno da Corporación Municipal, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, que inclúe seis (6) concelleiros de CXG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e dez (10) do PP, **ACORDOU aprobar** o expediente e a proposta da Concelleira Delegada de Facenda, de data 16 de novembro de 2015, co seguinte contido:

Ao amparo do disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2015, que no seu artigo 21.un.2 apartado c) sinala a posibilidade de que as Entidades Locais que cumpran cos límites que fixe a lexislación reguladora de Facendas Locais e as leis orzamentarias do Estado en operacións de endebedamento, poderán alcanzar no 2015 ata o 100 % na taxa de reposición das prazas do persoal da policía local, o Concello en Pleno, con efectos retroactivos á data de aprobación da oferta de emprego público do ano en curso, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Solicitar a autorización ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a reposición do 100 % das dúas (2) prazas vacantes na oferta de emprego público do ano 2015 da Policía Local, correspondentes ao grupo C1, escala Administración Especial, subescala servizos especiais, denominación Policía Local, Garda, na que se indique que con esta medida non se pon en perigo o principio de estabilidade orzamentaria na liquidación do exercicio corrente.

SEGUNDO.- Co obxecto de acreditar o cumprimento dos límites en materia de endebedamento e de estabilidade orzamentaria, remitir á Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, xunto co presente acordo, a seguinte documentación:

- Informe de Intervención sobre a estimación do aforro neto, así como do nivel de endebedamento correspondente ao exercicio 2014.
- Informe de avaliación sobre o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento do exercicio 2014 a nivel consolidado (art. 16 do Regulamento de Estabilidade) aplicando a estrutura, sistemática e criterios dos formularios definidos na Oficina Virtual para a liquidación do exercicio.
- Informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade no orzamento vixente (2015), incluídas as modificacións orzamentarias e a repercusión no mesmo da cobertura das devanditas prazas, a nivel consolidado, aplicando a estrutura, sistemática e criterios dos formularios definidos na Oficina Virtual para a captura da última execución trimestral do exercicio en curso que se atope dispoñible na Oficina Virtual.

7.- EXPEDIENTE DA ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS ANEXAS A ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA DO MUNICIPIO DE LALÍN.-



A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Urbanismo, de data 27 de novembro de 2015. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 7 de decembro de 2015.**

Polo grupo de goberno **D. Nicolás González Casares** explicou o contido da ordenanza. Indicou que o anterior texto databa do ano 2005. Agora coa evolución que houbo no sector e coa crise económica, cumpría abordar este asunto cunha nova ordenanza. Explicou o contido da mesma, as clases de terrazas. Había fallos e na práctica xurdían problemas. En suma tratábase de dinamizar as rúas de Lalín e de darlle un marco normativo acorde cos tempos, coas demandas dos cidadáns e coas necesidades do sector da hostalería.

Desde o grupo popular **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicou que presupoñía que xa se falou co sector para elaborar esa normativa. Coidaba que primeiro debía ir ese tema e logo aprobar a taxa; pero sucedeu ao revés: primeiro pasou a taxa e logo aprobouse a ordenanza. Non o entendía e por iso absteríanse.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo, o Pleno da Corporación **ACORDOU**

PRIMERO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora da instalación de terrazas anexas a establecementos de hostalería do municipio de Lalín

SEGUNDO.- Someter o expediente a información pública e dar audiencia aos interesados, mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días hábiles para que se poidan presentar reclamacións ou suxerencias ao mesmo. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

TERCEIRO.- Facultar ao Concelleiro Delegado de Urbanismo para a realización dos actos de trámite que poidan resultar necesarios en execución do presente acordo.

8.- EXPEDIENTE DA ORDENANZA MUNICIPAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O CONCELLO DE LALÍN.-



Secretaría Xeral

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 7 de decembro de 2015.***

Polo grupo popular, ***D^a. Eva Montoto Méndez*** dixo que votarían a favor. Pero preguntou ao *Sr. Secretario* se o punto 4.1. da ordenanza que se recollía no informe do *Sr. Secretario* para eliminar, se suprimiu xa, e se por elo estaba xa corrixida toda a ordenanza, presentada no seu día polo BNG.

O Sr. Secretario indicou que foi el quen rectificou o seu texto, e que efectivamente había que retirar ese apartado 4.1 do texto da ordenanza.

De novo ***D^a. Eva Montoto Méndez*** indicou que o Sr. Alcalde na sesión na que se tratou esta ordenanza manifestou que votaría a favor da ordenanza, cumprise ou non coa lei. Agora votarían a favor, porque sería unha ordenanza legal.

Desde o grupo de goberno o Sr. Alcalde, ***D. Rafael Cuiña Aparicio***, cualificou a intervención da voceira popular como *volcánica*, pero ao mesmo tempo de baleira en contidos. Non quería que o ton dos debates do Pleno fose o propio das tabernas. Indicou que non tiña dúbida de que os membros do PP de Lalín defendían e usaban o idioma galego, pero iso non sucedía cos membros do seu partido en Galicia, que eran “traidores” á cultura galega.

Sometido a votación ordinaria o expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e dez (10) do PP, o Pleno da Corporación **ACORDOU**:

PRIMERO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística para o Concello de Lalín.

SEGUNDO.- Someter dita ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días hábiles para que se poidan presentar reclamacións o suxerencias ao mesmo.


De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

9.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO.-

9.1 MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE O USO DAS BICICLETAS DO PROGRAMA “BICIDADÁNS”.-

A Presidencia deu conta desta moción, de data 23 de novembro de 2015, e rexistro de entrada do mesmo día co número 8275. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá,***





Lalín muncipalidad



Concello de Lalín

Secretaría Xeral

Cultura e Educación do día 7 de decembro de 2015.

Polo grupo de goberno, **D. Nicolás González Casares** indicou que esta moción amosaba que o programa de bicidadáns do grupo de goberno anterior foi un fracaso máis. Agora tratábase de desmantelar o mesmo e poñer o conxunto das bicis ao servizo dos cidadáns e do uso público e de regular ben o mesmo, ampliando aos usos sociais a súa utilización.

Desde o grupo popular, **D. José Antonio Varela Quintela** dixo que non entendía a moción. Tratábase de instar e de pedir ao grupo de goberno unha actuación. Dixo: *“fágano xa e non traian isto a sesión”*.

Desde logo a moción supuña dar marcha atrás con este programa. En canto á forma, parecíalle unha “coña”.

Tamén **D. Xosé Crespo Iglesias**, desde o grupo popular, dixo que era unha moción máis das que ás veces viñan a debate. Instar ao grupo de goberno desde o Pleno non tiña sentido. Desde logo parecía que se buscaba un chivo expiatorio para ocultar as últimas decisións do grupo de goberno sobre as bicis. Lembrou que foi o goberno anterior o que solicitou e obtivo este programa; tamén que o actual grupo de goberno dounas aos equipos deportivos e logo acordou quitarllas sen máis, sen ningún procedemento administrativo.

Preguntouse se era mentira o que se dicía nas redes sociais. Lembrou de novo a historia da solicitude ao INEGA, na que Lalín foi un dos poucos concellos que conseguiu este programa e do desenrolo do mesmo.

De seguido houbo un debate sobre a orixe dos ditos fondos, se eran galegos, ou dos lalinenses, e o que supuña nun e noutro caso.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, lembrou que cando se falaba de cartos públicos, debía terse máis coidado cando os fondos viñan dos cidadáns.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.


Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10) do PP.

Xa que logo, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

No ano 2010, o Goberno municipal de Lalín, encabezado por José Crespo, decidiu poñer en marcha o programa de alugueiro de bicicletas “Bicidadáns”. A iniciativa estivo operativa ata 2015, cando se decidiu non prorrogar o contrato de mantemento do servizo, debido á súa escasísima implantación social e aos seus nulos resultados económicos.

En concreto, o mantemento do servizo de préstamo -desde a súa posta en marcha en 2010- custou 101.658,57 euros, unha cantidade á que hai que sumarlle os 88.276 euros que



Secretaría Xeral
custou a compra das bicicletas e que se financiaron cunha subvención do INEGA. Foron, en total, case 190 mil euros públicos que só serviron para ter máis dun cento de bicicletas -sen uso unhas e almacenadas outras- xa que o servizo nunca chegou a funcionar ben, como o demostra o feito de que en cinco anos os ingresos polo préstamo de bicis só foron de 1.080 euros.

Ante esta situación o Goberno municipal decidiu levar a cabo unha reorganización do proxecto co obxectivo de reactivar o programa e, sobre todo, para darlle uso a unhas bicicletas nas que se investiu unha inxente cantidade de cartos e que agora mesmo se están a deteriorar nun almacén sen que o gran gasto realizado repercute de maneira positiva na veciñanza de Lalín.

Con este obxectivo o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

- Instar ao Goberno de Lalín a reorganizar o servizo para que teña unha verdadeira utilidade social.

- Instar ao Goberno de Lalín a habilitar o procedemento administrativo máis conveniente para poder destinar as bicicletas a fins sociais, educativos e deportivos seguindo criterios de transparencia e colaboración con entidades sen ánimo de lucro.

- Instar ao Goberno a utilizar as bicis en campañas educativas que fomenten mobilidade sostible.

- Instar ao Goberno municipal a promover o uso das bicicletas entre os traballadores públicos dentro da súa actividade fóra da casa consistorial, poñendo algunhas delas á súa disposición.

10.- MOCIÓNS DO PP.-



10.1.- MOCIÓN DO PP RELATIVA Á TRANSPARENCIA DAS ACTIVIDADES E BENS DOS INTEGRANTES DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

A Presidencia deu conta desta moción, de data 14 de novembro de 2015, e rexistro de entrada do día 16 de novembro co número 8004. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 7 de decembro de 2015.***

Na rolda de intervencións **D. Xosé Crespo Iglesias** explicou que xa houbo unha moción que se aprobou sobre este asunto. Preguntouse por que non se fixo xa, tendo en conta que hoxe non estaba tramitada polo Concello. Lembrou que hoxe precisamente entraban en vigor algunhas determinacións da Lei da Transparencia. Non vía que se cumprise desde o Concello.

Fixo un reproche ao grupo de goberno, porque el presentou por segunda vez a declaración de bens e actividades no modelo do Concello, xa obsoleto, para que se publicase e non se fixo. Si que se publicou a do Sr. Alcalde.

Amosouse disposto a consensuar o texto da moción, ou a introducir ou a quitar cuestións sobre este tema, manifestando que estaba aberto a conseguir un acordo negociado.



Polo grupo de goberno, **D. Tomás Vilariño Fidalgo**, edil delegado de novas tecnoloxías, indicou que non había problema en acceder á petición do voceiro da oposición. Sinalou que o goberno municipal estaba xa a traballar neste eido. Había un convenio da FEMP e do MAP para abrir o Portal da Transparencia. A Xunta de Goberno Local en sesión do día 13 de xuño de 2015 acordou iniciar as xestións para este fin e desde o día 3 de agosto deste ano estaban a traballar nese portal. Non obstante había problemas técnicos. Ata hoxe había 1259 entidades locais adheridas a ese convenio.

Citou a moción da edil da APAC, **D^a. Lara Rodríguez**, que se aprobou como punto de partida. Non obstante, a pesar dos traballos feitos ata agora, indicou, “*non o conseguimos aínda*”.

Había problemas de toda índole, dende dificultades técnicas co portal, ata problemas legais. Sinalou que nunhas xornadas na FEGAMP tres maxistrados dubidaban que algúns dos datos desa declaración de bens, como podían ser as sinaturas dos declarantes, se puidesen publicar en internet. Había tamén problemas cos dominios e outros.

No que se refería ás cámaras para a retransmisión das sesións plenarias, tamén había dificultades técnicas, xa que non había lugares para enchufes de cámaras fixas. Ao mellor cunha cámara *wifi* podíase arranxar. Todo isto producía retraso.

Había así mesmo que dar formación ás persoas encargadas de manexar e traballar co portal da transparencia. Non era tan sinxelo. O persoal tiña que estar preparado e cualificado. O Concello estaba niso e continuaría a traballar, porque non era un problema só deste Concello, senón da maioría das entidades locais en xeral.

Votarían non, por iso, porque xa estaban a traballar nisto.

Houbo de seguido un debate entre o voceiro popular e o do grupo de goberno esta e outras cuestións.

Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar ao goberno municipal a realizar e divulgar anualmente na páxina web www.lalin.org as declaracións de bens e actividades dos integrantes da Corporación Municipal seguindo os modelos da Deputación de Pontevedra (Declaración sobre causas e posible incompatibilidade e actividades e Rexistro de intereses e Bens Patrimoniais) ou outros que se pacten pola totalidade dos grupos municipais para cumprir a Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia.

2. Solicitar ao goberno local, encabezado polo Alcalde, á publicación mensual na páxina web www.lalin.org das retribucións de todos os membros da Corporación Municipal (por dedicacións exclusivas, asistencia a órganos municipais e dietas), así como as retribucións dos cargos de confianza.


3. Instar ao goberno municipal a impulsar diferentes aspectos da e-administración que melloren a transparencia do traballo municipal, emitindo os plenos en directo vía streaming e publicando posteriormente as gravacións, retransmitindo en directo os plenos pola Radio municipal, divulgando en tempo e forma as actas das sesións plenarias, dando a coñecer semanalmente un resumo dos acordos e actas das xuntas de goberno local e publicando documentos como o arqueo das contas municipais ao final do pasado mandato, os últimos orzamentos e contas xerais do Concello de Lalín, etc.

4. Requirir ao goberno municipal a divulgación na páxina web www.lalin.org no espazo Concello Aberto, de todos os convenios subscritos polo Concello de Lalín, todos os pregos dos concursos públicos e a contía das diferentes liñas de subvencións convocadas e o reparto das mesmas.

5.- Instar ao goberno municipal a que cree un Libro de Rexistro de Decretos para que a oposición e os veciños poidan acceder a esa parte da actividade e xestión do goberno dun xeito ordenado e transparente.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

L K M O



Lalínkcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

Votos a favor: dez (10) do PP.

Votos en contra: once (11), sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo **REXEITOUSE** a moción.

10.2.- MOCIÓN DO PP DE APOIO E POTENCIACIÓN DO COMERCIO LOCAL DE LALÍN.-

A Presidencia deu conta desta moción, de data 7 de decembro de 2015, e rexistro de entrada do día 9 de decembro co número 7775. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 7 de decembro de 2015.***

O voceiro popular, ***Sr. Xosé Crespo Iglesias***, anunciou que retiraba a moción porque pensada debatela nunha sesión anterior ou antes da aprobación do orzamento do Concello. Como non foi así, non tiña sentido con ese texto tramitala agora. Por iso a retiraba.

Xa que logo **a moción retirouse.**

10.3.- MOCIÓN DO PP PARA SOLICITAR A CONSTRUCCIÓN DA ROTONDA DE CONEXIÓN DAS AVENIDAS DO MONSERRAT, ESTACIÓN, MADRID E XOSÉ CUIÑA.-

A Presidencia deu conta desta moción, de data 26 de novembro de 2015, e rexistro de entrada do día 30 de novembro co número 8500. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 7 de decembro de 2015.***

En defensa da moción, ***D. Xosé Crespo Iglesias*** explicou a situación de todas as rotondas de Lalín, e esta que quedou sen facer, non porque non quixeran senón porque non houbo tempo ou aínda que estaba entre os obxectivos, tiñan outras prioridades. Leu o que se pedía na mesma.

Desde o grupo de goberno, ***D. Nicolás González Casares*** indicou que efectivamente esta rotonda faltaba para completar as conexións urbanas. Era unha opción que eles tiñan que acometer, e estaba tamén entre os obxectivos do seu mandato e figuraba no pacto de goberno. Non obstante coa coxuntura actual e co que se pagou para o parkinge os gastos efectuados non o vían como unha obra inmediata.

Lembrou que tiñan por realizar a Rolda Leste coa subvención da Deputación Provincial.

Sobre a rotonda en si, volveu insistir en que se faría esta obra, pero partindo de que era unha obra complexa, na que había que ter en conta o saneamento, os estudos arqueolóxicos que poderían condicionar a obra o seu deseño, e que seguramente custaría menos facela que o proxecto. Eles comprometíanse a facela neste mandato.



Secretaría Xeral

Non entendía como o goberno anterior fixo a construción ao abeiro do Plan E dunha piscina nova, cando había unha en funcionamento, e esta obra, que ten tanta relevancia non a fixeron nos últimos vinte e cinco anos.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** defendeu a proposta desta rotonda, indicando que a Rolda Leste se fixo polo goberno bipartito da Xunta de Galicia.

De novo **D. Nicolás González Casares** reiterou que non entendía como non se fixo esta obra, xa que era tan prioritaria, e agora parece que é unha obra inmediata.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que a construción dunha rotonda era unha prioridade pola seguridade do tráfico rodado e peonil na zona, tendo en conta a proximidade do Lalín Arena. Lembrou que houbo un Plan Parcial que se proxectaba acometer nesta zona, pero que non se fixo, e que conlevaba a urbanización


Sometido a votación ordinaria a moción, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo seis (6) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e dez (10) do PP, **o Pleno da Corporación ACORDOU aprobar a moción do seguinte tenor:**

A ronda que conforman as avenidas Xosé Cuíña e Madrid constitúe un dos eixos viarios máis importantes do casco urbano lalinense repartindo o tráfico de entrada á vila dende as entradas de Ourense e Santiago e das parroquias do oeste do Concello e sendo o drenaxe de saída de rúas tan transitadas como a Avenida da Estación ou a rúa Ramón Aller e recollendo o tránsito de Avenida da Estación e rúa da Ponte. Conexións que a converten no eixo viario de referencia cotiá de tódolos veciños, completando as labores de movemento de tráfico que realiza a Rolda Leste.

O goberno do PP foi construíndo sucesivamente as diferentes rotondas necesarias para conectar as rúas do interior do casco urbano coas rondas que circunvalan a vila, como a Rolda Leste e o vial que conforman Avenida de Madrid e Xosé Cuíña. Rotondas que permitiron mellorar a fluidez da circulación e a seguridade vial de vehículos e tamén das persoas ao ir asociadas a pasos de peóns que serviron de ponte, no caso das construídas na Avenida Xosé Cuíña -a altura de a rúa Ramón Aller e do Concello- entre ambas marxes do vial.

O PXOM aprobado no ano 1999 contemplaba un total de doce rotondas nos viais circunvalatorios e conxestionados dos distintos accesos ao núcleo das principais rúas da vila. Once das rotondas contempladas no planeamento e asociadas a estas rondas de conexión -Rolda Leste, Avenida de Madrid e Avenida Xosé Cuíña- xa foron acometidas co paso dos anos (as sete restantes coa construción dos distintos tramos da rolda leste e as catro restantes ao inicio e remate do que ata hai anos se chamou a Circunvalación e na Avenida Xosé Cuíña, unha fronte ao novo Concello e a outra no cruce do acceso a Donramiro ca rúa Ramón Aller).

Pendente de realización quedou só unha desas rotondas, a que conectaría as Avenidas de Madrid, Montserrat e Estación, que contempla o planeamento urbanístico e que era un dos proxectos que o equipo do Partido Popular tiña previsto acometer no ano 2016 -como recolle o



Secretaría Xeral

programa electoral do Partido Popular como tema prioritario- para completar a estruturación viaria das rúas do núcleo en torno a estas rondas circunvalatorias.

Esta rotonda, ademáis de completar o proxecto circulatorio de acceso ao centro do casco urbano, contribuiría a mellorar a seguridade dos peóns que cruzan dende a zona do Montserrat, na parroquia de Donramiro, ao casco urbano de Lalín e a inversa. Ademáis, melloraría a seguridade do intenso tráfico rodado cara a zona oeste do Concello onde se atropan, entre outras infraestruturas: a Estación de Autobuses, o Campo de Fútbol, o Cemiterio da Romea, o Polígono Lalín 2000, e un bo número de parroquias cuxos tráficos de entrada e saída se reparten entre este vial e a rotonda xa construída na rúa Ramón Aller. Características que xustifican un esforzo por parte do actual equipo de goberno para rematar o proxecto de seguridade vial nas rondas circunvalatorias.

Á vista do indicado isto, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Instar ao goberno municipal a que se reserve unha partida do Plan Provincial da Deputación do 2016 destinado a Lalín 2016 destinado a Lalín e dotado con 1,7 millóns de euros á construción da rotonda que falla no anel circunvalatorio de Lalín e que conectaría as Avenidas de Madrid, Estación, Montserrat e Xosé Cuíña que xa estaba contemplada no planeamento urbanístico en vigor.

10.4.- MOCIÓN DO PP EN DEFENSA DO ESTADO DAS AUTONOMÍAS.-

A Presidencia deu conta desta moción, de data 6 de novembro de 2015, e rexistro de entrada do día 9 de novembro co número 7774. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao *ditame desfavorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 7 de decembro de 2015.*

A moción retirouse.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.-

11.1.- ROGOS.-

Formuladas de xeito verbal.

PP.

D. Xosé Crespo Iglesias.

1.- ROGO.- En relación coa colocación do acelerógrafo, quere saber onde se colocou o mesmo. Consideraba que o mellor lugar era o edificio da Casa do Concello, ao igual que antes se instalou na vella casa consistorial.

Respondeu o Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio, para indicar que foi o propio organismo público quen elixiu o lugar onde estimou conveniente poñelo. En concreto, elixiu as instalacións do mercado de cando.



2.- ROGO.- Pide ao Sr. Alcalde que non provoque situacións de tensión durante as sesións plenarias, algo que hoxe se viu con temas coma o da transparencia, co tema dos gandeiros e outros.

Sinalou que el trouxo á *Sr^a Ministra de Agricultura e Pesca* a Lalín aproveitando que estaba en Galicia. Lembrou que xa estivo aquí durante a pasada Festa do Cocido. Tentaba conseguir da mesma que houbera axudas do seu ministerio para fomentar e para conseguir a fusión das cooperativas de Lalín e da comarca, xa que hoxe había moitas e era un obxectivo a lograr.

Rematou pedindo ao Sr. Alcalde que non provoque.

Respondeu o Sr. Rafael Cuíña Aparicio no sentido de que nunca dubidou que o Sr. Crespo axudou aos gandeiros, pero o PP de Galicia traizoo a este colectivo.

PREGUNTAS.-

D. Xosé Crespo Iglesias.

1^a.- PREGUNTA.- En relación coa celebración da Gala do Cocido, quere saber se é certo que o Concello faría aforrar uns sete mil cincocentos euros.

O Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio, indicou que aínda non se sabía. Cando estivesen todos os datos, facilitaríallos.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que o custe iría a sete mil cincocentos euros máis que o ano pasado, porque este ano incluíría a iluminación do escenario, algo que sempre correu de cargo de RTVG.


O Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio, volveu indicar que cando tivese os datos definitivos, non habería ningún problema en facilitarllos.

2^a.- PREGUNTA.- En relación co Padroado Cultural de Lalín. Pregunta se é legal que o PP teña un representante no dito organismo, ou se é legal, ou se é proporcional o reparto aprobado polo Concello, tendo en conta que o PP conta cun representante na dita Entidade, cando no Concello de Lalín ten dez concelleiros sobre un total de vinte e un.

Tamén quere saber se vai continuar a funcionar este organismo, xa que o Sr. Alcalde indicoulle que o reparto de postos duraría moi pouco tempo, porque estaban a traballar na desaparición deste organismo e na creación doutro con competencias neste eido.

Contestou o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que efectivamente estaban a traballar na extinción deste organismo e na creación doutro. Anticipou que o grupo popular quedaría contento cando coñeza a configuración deste novo organismo.

3^a.- PREGUNTA.- Quere saber as subvencións concedidas nos últimos seis meses a este Concello por outras administracións públicas.



Secretaría Xeral

O Sr. **Alcalde D. Rafael Cuíña Aparicio** manifestou que respondería por escrito.

4ª.- PREGUNTA.- Na Deputación Provincial o grupo de goberno di unha cousa e tamén di a outra. Por exemplo podería demostrar que no Pazo de Liñares e no Centro da Cultura Castrexa tiña respostas diferentes. A pregunta é: *¿Sábese cando vai entrar en funcionamento o laboratorio de investigación da cultura castreña do Pazo de Liñares?*

Indicou que era importante poñer todo en marcha, xa que levaba un trimestre sen funcionar, en concreto desde o mes de setembro, como se dixo. Antes houbo desculpas porque había un fallo en *internet*. *¿Por que non están aquí a traballar xa?*

Respondeu o Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio para indicar que esperaba velo funcionar pronto.

E, sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataben, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

O Alcalde.

Dou Fe. O Secretario Xeral.

Rafael Cuíña Aparicio

César López Arribas

L

K

M

O